

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE OURENSE PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE E INCLUSIÓN SOCIOLABORAL 2023

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa entidade Asociación de persoas con discapacidade de Ourense (ADO) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia e a Asociación de persoas con discapacidade de Ourense para o desenvolvemento dun proxecto consistente na realización de actividades de aprendizaxe e integración social e laboral de persoas con discapacidade intelectual.

Que existe converxencia de intereses entre a entidade asinante en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte: Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas a favorecer a inclusión social das persoas con discapacidades intelectuais en todas as etapas da súa vida, evitando a súa exclusión social e aumentando a súa participación no mercado de traballo, para lograr unha igualdade real de oportunidades e conseguir a súa plena inclusión en todos os ámbitos (familiar, escolar, laboral e social)





ADO é unha entidade de iniciativa social que ten como obxectivo a mellora da calidade de vida de cada persoa con discapacidade intelectual e as súas familias, a través da plena inclusión social e da utilización dos recursos ordinarios da comunidade.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude, previsto no DECRETO 124/2022, do 23 de xuño polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, no artigo 21; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

